<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ l ▪ n ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine ▪ B4.5. Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Creación dixital de imaxes. ▪ B4.7. Deseño dun proxecto publicitario. ▪ B4.8. Desenvolvemento dun proxecto persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ f ▪ h ▪ n ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.9. Análise crítica da linguaxe publicitaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Aposar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ g ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Seguimento do proceso de creación: bosquexo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva). ▪ B1.9. Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ f ▪ l ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.10. Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes. ▪ B1.11. Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuír á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC

CONCRECIÓNS PARA OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Estándar de aprendizaxe	C.Clave	Grao mínimo de consecución	Tarefas	Instrumentos para a avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Actividade 10: Elaboro unha pequena animación co método do stop-motion. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Rúbrica 10.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utiliza programas de edición de vídeo. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Analiza correctamente os planos, ángulos e movementos de cámara dunha secuencia dunha película. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Actividade 11: realizo un remake dunha escea coñecida de algún clásico cinematográfico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Rúbrica 11.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Reprodúce con exactitude os tipos de plano dalgunha escea clásica. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza correctamente un story-board de un spot publicitario. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Actividade 12: Deseño, gravo e monto un anuncio publicitario audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Rúbrica 12
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece os elementos positivos e negativos (sexismo, clasismo, etc) da publicidade. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aplica o proceso de creación artística e as súas fases á produción de proxectos persoais e de grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Actividades 10, 11 e 12. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Rúbricas 10, 11 e 12.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Entende e aplica a necesidade de realizar guiños, story-boards, etc. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece obras e autores importantes na historia da cinematografía. 		

TEMPORALIZACIÓN: 2ª metade/ 2ª avaliación

BLOQUE 5: O DESEÑO INDUSTRIAL

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. Clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ g ▪ n ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo. ▪ B2.2. Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia. ▪ B2.3. Tanxencias e enlaces. ▪ B2.4. Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ i ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.12. Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ f ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Análise das linguaxes visuais cotiás (arte, deseño, publicidade, etc.). ▪ B3.2. Fases do proceso de deseño. ▪ B3.3. Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ e ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Campos de aplicación do deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos. ▪ B3.8. Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño. ▪ B3.9. Informática ao servizo dos proxectos de deseño. ▪ B3.10. Planificación dun proxecto artístico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC

CONCRECIÓNS PARA OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Estándar de aprendizaxe	C.Clave	Grao mínimo de consecución	Tarefas	Instrumentos para a avaliación
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> Utiliza con corrección as técnicas e materiais do sistema descritivo. 	<ul style="list-style-type: none"> Actividade 13: deseño un obxecto de uso modular como unha aldosa ou azulexo. 	<ul style="list-style-type: none"> Rúbrica 13.
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplicación á creación de deseños persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> Resolve problemas xeométricos simples. 		
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Deseña elementos modulares atendendo á súa repetición e organización no plano. 		
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> Resolve problemas de configuración de formas poligonais 	<ul style="list-style-type: none"> Actividade 14: analizo e reproduzo algún elemento xeométrico decorativo como un mandala ou un rosetón. 	<ul style="list-style-type: none"> Rúbrica 15.
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Atopa e analiza a xeometría presente en obxectos do contorno. 		
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> Resolve problemas de rectas tanxentes a dúas circunferencias. 	<ul style="list-style-type: none"> Actividade 15: deseño servidome de tanxencias e enlaces un circuito de carreiras. 	<ul style="list-style-type: none"> Rúbrica 16.
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> Coñece e utiliza programas informáticos de debuxo. 		
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3 2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Crea e coñece os produtos e as finalidades do deseño industrial. 	<ul style="list-style-type: none"> Actividades 13, 14 e 15. 	<ul style="list-style-type: none"> Rúbricas 13, 14 e 15. Observación diaria.
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Presenta os seus deseños cuidando a exactitude, a orde e a limpeza. 		
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Coñece e utiliza programas informáticos de debuxo. 		
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Realiza bosqueños, apuntamentos, busca de información, etc. 		

TEMPORALIZACIÓN: 1ª metade/ 3ª avaliación

BLOQUE 6: O DESEÑO DO ESPACIO

Obx.	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. Clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ g ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2. 5. Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas. ▪ B2.6. Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico. ▪ B2.7. Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas. ▪ B2.8. Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas. ▪ B2.9. Perspectiva cónica central. ▪ B2.10. Perspectiva cónica oblicua. ▪ B2.11. Análise das posibilidades da posición do punto de vista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMC ▪ CT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMC ▪ CT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMC ▪ CT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMC ▪ CT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ i ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.12. Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMC ▪ CT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ f ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Análise das linguaxes visuais cotiás (arte, deseño, publicidade, etc.). ▪ B3. 2. Fases do proceso de deseño. ▪ B3.4. Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIE ▪ E ▪ CCE ▪ C
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCE ▪ C
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño. ▪ B3.9. Informática ao servizo dos proxectos de deseño. ▪ B3.10. Planificación dun proxecto artístico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIE ▪ E ▪ CCE ▪ C
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIE ▪ E ▪ CCE ▪ C
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIE ▪ E ▪ CCE

CONCRECIÓNS PARA OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Estándar de aprendizaxe	C.Clave	Grao mínimo de consecución	Tarefas	Instrumentos para a avaliación
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> Visualiza volumes simples definidos polas súas vistas principais. 	<ul style="list-style-type: none"> Actividade 16: Debuxo as vistas principais de obxectos simples. 	<ul style="list-style-type: none"> Rúbrica 16.
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> Debuxa correctamente as vistas principais de volumes sinxelos. 		
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> Debuxa perspectivas axonometricas de volumes sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> Actividade 17: deseño un robot en perspectiva cabaleira. 	<ul style="list-style-type: none"> Rúbrica 17.
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> Utiliza e coñece algún programa de debuxo en 3D para a creación de deseños xeométricos sinxelos. 		
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> Realiza perspectivas cónicas frontais. 	<ul style="list-style-type: none"> Actividade 18: deseño un interior (habitación) en perspectiva cónica. 	<ul style="list-style-type: none"> Rúbrica 18.
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Presenta os seus deseños coidando a exactitude, a orde e a limpeza. 		
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Analiza estética e funcionalmente os obxectos do contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> Actividades 16, 17 e 18.. 	<ul style="list-style-type: none"> Rúbricas 16, 17 e 18.
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Coñece os elementos principais da representación do espacio. 		
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Coñece e utiliza programas informáticos de debuxo. 		
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Realiza bosqueños, apuntamentos, busca de información, etc. 		

TEMPORALIZACIÓN: 2ª metade/ 3ª Avaliación

AVALIACIÓN,
CUALIFICACIÓN
E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

PROCEDIMENTOS PARA A AVALIACIÓN:

O desenvolvemento da EPVA artículase en torno á realización de actividades ou tarefas que abranguen varias sesións lectivas (de 3 a 5, polo xeral) e nas que se prantexa a consecución de un produto final á través do seguimento das diversas fases dun proceso creativo.

Este proceso, tanto como o resultado final de cada actividade, avaliarase coa axuda de rúbricas. Nestas, cada ítem avaliábel responderá a cada un dos estándares que aparecen relacionados nas táboas anteriores (páx. 15 a 40) con cada actividade.

Así, por exemplo, para avaliar a actividade 1 de 1º da ESO (Construo un laberinto), utilizarase unha rúbrica na se analizará o grao de consecución dos estándares:

EPVAB3.1.1. Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma.

E PVAB3.2.1. Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.

EPVAB3.11.1. Explica, verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisección, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).

EPVAB1.7.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.

EPVAB1.7.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.

A consecución total dos citados estándares será puntuado coa nota máxima (5 puntos). A consecución do establecido como grao mínimo de consecución coa nota media (3 puntos). Ademais, a rúbrica establecerá, sempre que sexa posible, outros tres graos intermedios (1,2 e 4 puntos).

Posteriormente, e realizando a media aritmética simple e a conversión a base 10 das puntuacións obtidas deste xeito en cada unha das actividades, obtendrase a nota definitiva de cada avaliación así como a nota final de curso.

AVALIACIÓN INICIAL

Dado que o proceso de calificación destas actividades desenvólvese dende o mesmo comezo de curso, non consideramos necesario o deseño dunha proba inicial especial. A propia primeira actividade de cada curso pode servir perfectamente para calibrar o nivel de destrezas e adquisición de contidos básicos que o alumno teña levado a cabo nos cursos anteriores.

Os resultados da mesma, especialmente nos casos nos que se detecten dificultades máis importantes, serán comunicados o titor/a dos alumnos, ben a través da sesión de Preavaliación que acostuma realizarse no mes de Outubro ben a través de informes verbais ou escritos.

Ao ser, polo tanto, esta proba inicial, unha tarefa máis do conxunto de actividades que se desenvolven ao longo do curso, terá a mesma consideración e peso sobre a calificación final que calquera outra delas.

AVALIACIÓN CONTINUA:

Como queda dito, a avaliación do alumnado realizarase mediante o uso de rúbricas (unha por actividade) que recollan o grao de consecución dos respectivos estándares relacionados. A cumplimentación das mesmas será fruto da observación diaria no aula, así como da valoración do produto final de cada actividade unha vez entregado.

Para o deseño e valoración dos distintos ítems que conformen cada unha das rúbricas atenderase, ademais do propio grado de consecución de cada estándar, ás liñas que sinalan os seguintes criterios:

Criterios de avaliación:

1.-Capacidade de adquisición de novos conceptos no proceso de aprendizaxe:

- Limitase a recoller información, sen ordeala nin estruturala.
- Ordea a información, sin ser quen de abstraer conceptos xerais aplicables a outros casos.
- Emite hipótesis axeitadas, relaciona e saca conclusións propias. Comprende, comproba y extrae conceptos para utilizalos noutros casos.

2.-Creatividade desenvolvida nas súas producións:

- Non ten capacidade para reproducir solucións similares ao problema proposto.
- Reproduce solucións similares sen aportacións propias.
- Integra de cotío recursos propios a modelos establecidos. Conquire un estilo persoal.

3.-Corrección na expresión plástica das súas producións:

- Despreocupación no trato e uso de útiles e soportes. Mala presentación dos traballos.
- Coidado na presentación, tendo en conta conceptos como precisión e limpeza.
 - Precisión en trazados, boa composición nos traballos. Elección da técnica axeitada.

4.-Capacidade de traballo:

- Non ten hábito de traballo.
- Traballa, pero sen método.
- Utiliza métodos de traballo axeitados, presentando as tarefas nos prazos marcados.
- Presenta máis solucións que a pedida.

5.-Actitudes:

- Actitud agresiva o pasiva.
 - Actúa de xeito receptivo.
 - Interésase e emite opinións con argumentos razoables, respectando quendas de palabra e expresándose sempre con corrección nas formas.

Por outra banda, o profesor poderá, se é o caso, reflectir na cualificación deficiencias repetidas en aspectos como puntualidade, ausencia de material, mal uso dos materiais comúns, etc., independentemente das medidas disciplinarias que considere oportunas, e sen que estas penalizacións superen nunca o 20% da nota final.

Tamén, e en consoancia coas directrices sinaladas polo Plan Lector do centro, e habida conta da escasa linguaxe escrita que os alumnos deben plasmar nas tarefas da nosa materia, decidiuse en reunión de departamento rexeitar calquer traballo no que aparezan erros ortográficos ou gramaticais graves, devolvendo inmediatamente ditos traballos para a súa corrección ou, se fose o caso, repetición.

Elaboración da nota media.

Posteriormente, e para a cualificación de cada unha das avaliacións do curso, realizarase a media aritmética simple das puntuacións obtidas en cada unha das rúbricas de cada unha das actividades realizadas no trimestre.

O alumno podera, en calquera caso, repetir calquera das actividades xa realizadas a obxecto de subir a calificación obtida na mesma.

Recuperación de avaliacións suspensas:

Do mesmo xeito e dado o carácter continuo da avaliación da nosa área, non se realizarán probas ou tarefas específicas para a recuperación dunha avaliación. Enténdese, así, que a cualificación de cada unha de elas, comprende tamén as das anteriores. Os alumnos poderán, iso si, presenta-los traballos que lles poidesen quedar pendentes das avaliacións suspensas, se é o caso, ou mellorar, repetir ou completar aqueles outros que máis deficiencias presentasen no seu día.

En todo caso, e aínda contando con algunha avaliación suspensa, se na media final final de todas as actividades, o alumno obtívese unha calificación superior a cinco, consideraráselle superada a materia sen necesidade de realizar ningunha proba ou actividade adicional.

AVALIACIÓN FINAL:

Crterios sobre a avaliación e cualificación.

O alumno que ao realizar a media das tres avaliacións obteña unha nota igoal ou superior a 5, terá superada a materia aínda que tivese algunha das avaliacións suspensas. A principios de Xuño, e nos casos en que se considere probable que isto non suceda, e, polo tanto, o resultado da media das tres avaliacións sexa presumiblemente inferior a 5, o alumno deberá presentar, antes da avaliación final, os traballos que ou ben non foron presentados no seu momento, ou ben o foron con resultados inferiores ao mínimo esixido. Tanto o alumnado, persoalmente, como as familias, a través do Abalar, serán informados desta eventualidade.

A cualificación destes traballos introducirase no computo global das tarefas realizadas durante o curso e procederase a realizar os cálculos ordinarios que se efectúan durante o mesmo.

Se o resultado destes cálculos arrojan unha cifra igoal ou superior a 5, o alumno terá a materia superada. O alumnado que non acade o 5 nesta avaliación final terá a materia suspensa, e, en caso de promocionar, figurará como materia pendente o próximo curso.

Alumnado coa materia pendente.

O alumno/a con EPVA pendente nalgún nivel da ESO que, rematada a 3ª avaliación, de acordo cos criterios xa establecidos na Programación, non acade o 5, e, polo tanto, non teña superada a materia, fará, antes da avaliación final:

- Unha proba de debuxo artístico deseñada polo Departamento. (80% da nota).
- Entrega de carpeta con debuxos de temática e técnica libre. (20% da nota).

Como neste curso os únicos alumnos coa materia suspensa están cursando 2º da ESO, nivel onde non se imparte ningunha materia do Departamento, será o Xefe do mesmo quen supervise e faga o seguimento estando a disposición dos alumnos que o precisen nas citas concertadas en tempo de recreo.

CONCRECIÓNS
METODOLÓXICAS

METODOLOXÍA DIDÁCTICA:

Atendendo ao problema de cómo coordinar a aprendizaxe dos tres ámbitos principais que atinxen ó área: **saber ver** ou a formalización da teoría correspondente a cada un dos campos da expresión visual e plástica, **saber interpretar** ou estar en disposición de valorar unha obra polo análise de cada un dos seus elementos e pola consideración do conxunto e **saber facer** ou adquirirlas técnicas axeitadas para cada forma de linguaxe plástica, é que propomos o desenvolvemento da materia en torno a realización de actividades.

Estas actividades levaranse ao longo de varias sesións (de 3 a 5, polo xeral), seguindo un proceso metodolóxico que constaría das seguintes fases:

A-Presentación da actividade.

Prantexamento por parte do profesor.

Estratexias metodolóxicas:

- Coñecer, antes de comezar, as ideas previas, as dificultades de aprendizaxe do alumnado e os recursos dispoñibles. Partir da competencia inicial do alumnado
- Introducir de xeito xeral o alumno na actividade, anticipando as tarefas previstas e os materiais necesarios para o desenvolvemento desta.
- Comunicación co medio: situar ao alumno ante unha serie de experiencias previas, de fenómenos visuais e plásticos do seu contorno ós que ten que dar unha resposta que proceda das súas propias intuicións ou de coñecementos adquiridos anteriormente. Estas respostas ou os interrogantes que queden abertos constituirán o punto de partida para o estudo do tema.

B-Investigación sobre os conceptos básicos que se van desenvolver.

Exposición dos conceptos relacionados coa actividade por parte do profesor:

Estratexias metodolóxicas:

- Evocación de coñecementos previos para abordar los nuevos contenidos.
- Progresiva incorporación de novos contidos.
 - Información básica para todo o alumnado.
 - Información complementaria para reforzo e apoio.
 - Información complementaria para afondamento e ampliación.
- Busca de información (no aula, na biblioteca, na rede) por parte dos alumnos, de solucións e información sobre a tarefa a realizar.
- Papel facilitador do profesor/a
- Análise de obras que destaquen polo tratamento específico que os conceptos estudiados teñan nelas. Este proceso non deberá ser deseñado como mero estudio formal e teórico da historias do arte

e do deseño senón como punto de partida dende onde os alumnos poidan acceder a novas ideas, experiencias ou técnicas para o desenvolvemento dos seus propios traballos.

-Visitas extraescolares ou invitacións de artistas de interese ao aula.

c-Realización e presentación de bosquexo, guións, apuntamentos, etc.

Traballo persoal

Estratexias metodolóxicas:

-Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas

-Análise de documentos, pequenas investigación, etc.

-Resposta a preguntas

-Fomentar a realización de esquemas ou mapas visuais do que se coñece e do que se quere coñecer, así como dos procesos de traballo tanto individuais como por medio de dinámicas grupais.

d-Realización do propio traballo procurando e utilizando correctamente os materiais e técnicas propostos e/ou axeitados.

Combinar traballo individual e cooperativo.

Estratexias metodolóxicas:

-Introdución nas técnicas e procedementos que semellen adaptarse mellor ao desenvolvemento da actividade.

-Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.

-Actividades diversificadas secuenciadas por niveles de dificultade.

-Incorporación das TIC xa que permiten realizar tarefas de xeito máis rápido, cómodo e eficiente.

e-Presentación, dentro dos prazos e as normas establecidas do produto rematado.

Estratexias metodolóxicas:

-Realizar exposicións utilizando diferentes soportes e incidindo no uso da imaxe e na expresión multimedia (oral, visual e outras).

-Uso habitual das TIC.

-Fomentar a exposición e posta en común, tanto na clase como fóra dela.

APRENDIZAXE POR PROXECTOS.

O Departamento de EPVA continuará participando e colaborando con outros departamentos así como coa biblioteca escolar para afianzar e desenvolver o traballo por proxectos dentro do centro.

Así, algunha das actividades programadas pode sufrir algunha modificación (lxicamente, en cuestións menores: temática, etc) para contribuir á realización de, por exemplo, o Proxecto Anual de Centro, a revista que puxo en marcha o departamento de filosofía, o grupo de teatro, ou outros que poidan proxectarse durante o curso.

AGRUPAMENTO DE ALUMNOS: *

En función das necesidades que plantexan a resposta á diversidade dos alumnos e a heteroxeneidade das actividades, poderanse articular as seguintes variantes de agrupamento dos alumnos.

- **Pequeno grupo:** reforzo para alumnos con ritmo máis lento. Ampliación para alumnos con ritmo máis rápido.

- **Agrupamento flexible:** resposta puntual a diferencias en:

Nivel de coñecementos.

Ritmo de aprendizaxe.

Intereses e motivacións.

- **Obradoiros:** en función da natureza das actividades.

ORGANIZACIÓN DO ESPACIO: *

A utilización dos diversos espazos realizarase en función da natureza das actividades que se poidan levar a cabo:

- **Dentro do aula:** disposicións espaciais diversas (según a adaptabilidade do mobiliario).

- **Fora do aula:**

- Aulas TICS.

-Salón de actos.

- Biblioteca.

- Patio.

-Contorno social (a vila) ou natural (a paisaxe) do centro.

**MATERIAIS E
RECURSOS DIDÁCTICOS:**

Material propio de cada alumno:

- Block de láminas DIN A4.
 - Lápices de grafito: dureza H e B respectivamente.
- Goma e sacapuntas.
- Escuadra, cartabón, regra e compás con adaptador universal.
- Rotuladores graduados: 0.2, 0.4 e 0.8. Cor negra.
- Revistas, cartulinas...etc.
- Materiais para colorear: lápices, rotuladores ou ceras. Ademáis, en 1º curso,témperas azul, maxenta, amarela, branca e negra, así como una parella de pincéis para a súa aplicación.
- No 4º curso, aconsellarase ao alumnado que se procuren o acceso a diversos recursos tecnolóxicos como cámaras dixitais, programas e/ou aplicacións específicos,etc.
- Non se propón libro de texto algún.

Material do departamento:

O departamento de ed. plástica está dotado dos seguintes materiais útiles para o desenvolvemento da presente programación:

- Aula propia.
- Varios xogos de regras e compases de encerado.
- Xogos de pezas tridimensionais para a súa visualización.
- Tórculo.
- Colección de diapositivas con numerosos exemplos de obras artísticas de diferentes épocas, con especial incidencia no arte contemporáneo.
- Varias figuras clásicas de escaiola para estudos de luz e volume.
- Equipo audiovisual: contamos no departamento con un reproductor DVD conectado a un televisor.
- Equipo informático: a aula conta con un PC conectado a rede. Ademáis, dispomos de un canón de proxección ao que se pode conectar algún dos equipos portátiles do centro.
- Biblioteca de aula.
- Mediateca.
- Material funxible.
- Recursos dixitais.

Recursos do centro:

Así mesmo, o centro conta con diversos materiais e espazos cós que cubrir as necesidades específicas que, nalgúns casos, a propia aula non ofrece:

- Biblioteca, dotada con 12 ordenadores de mesa.
- Aulas de informática.
- Ordenadores portátiles.
- Espazos para exposición.

MEDIDAS DE
ATENCIÓN
Á DIVERSIDADE

Dende este departamento levarase a cabo a exploración das capacidades, experiencias e intereses dos diferentes alumnos, tanto mediante a avaliación inicial como coa avaliación formativa continua, na que se recollerá información individual sobre o proceso de aprendizaxe de cada alumno/a, información que permita detectar a axuda pedagóxica que necesita. Deste xeito, poderanse deseñar actividades que permitan o axuste ás diferentes capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe.

Por outra banda, dado o marcado carácter procedimental do área, atopámonos moi frecuentemente con que alumnos que amosan enormes carencias nas materias instrumentais desenvolven satisfactoriamente a psicomotricidade fina e/ou as súas capacidades espaciais, compositivas e plásticas, de xeito que non necesiten una **adaptación curricular significativa** na materia. Nos casos en que isto non se produza, realizarase a adaptación curricular significativa correspondente tomando como referencia de fondo os contidos mínimos programados e mediante actividades axustadas ao perfil mostrado por cada alumno. Igoalmente, levarase a cabo, se é o caso, a adaptación curricular necesaria cós alumnos de necesidades educativas especiais. Estas adaptacións quedarán reflectidas na memoria final de curso e realizaranse de acordo co Departamento de Orientación do centro.

Non se prevé, de todos modos, no 4º curso da ESO, a necesidade de realizar ningunha adaptación na nosa materia. Tampouco a toma de medidas organizativas como o desdoblamento de grupos, o apoio da profesora especialista en PT, a escolarización domiciliaria, etc.

Si se realizaran, como en cursos anteriores, adaptacións na estrutura organizativa da aula para algún alumno/a ou grupo, según as necesidades que se vaian observando, así como algunha adaptación metodolóxica para algún como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc. (sempre e cando, a situación creada pola pandemia o permita).

ELEMENTOS
TRANSVERSAIS

Os temas transversais forman parte integrante de todo o desenvolvemento das unidades didácticas. Destacamos aquí, simplemente, aqueles que se atenden de xeito preferente:

COMPRENSIÓN LECTORA / EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA:

A propia natureza das materias impartidas polo Departamento de Ed. Plástica fainos estar máis atentos á identificación das capacidades de comunicación visual que á situación das competencias lecto-escritoras no noso alumnado. Aínda así, hai moitas áreas do noso currículo nas que necesariamente as linguaxes visual e escrita se complementan: ilustracións, deseño gráfico, cartelismo, banda deseñada, etc.

Da análise dos traballos que os nosos alumnos veñen realizando nestas áreas poderíamos subliñar:

-Un bo número deles foxe da lectura. Se se plantexa, por exemplo, a ilustración dun texto algo extenso, procuran a maneira de enterarse “de que vai” sen ter que lelo.

